

**Departamento de Tecnoloxía
IES David Buján**

**Programación Didáctica
Curso 2017-2018**

Sumario

Tecnoloxía 2º ESO.....	4
Tecnoloxía 3º ESO.....	9
Tecnoloxía 4º ESO.....	15
TIC 4º ESO.....	20
Tecnoloxía Industrial I 1º Bacharelato.....	25
Tecnoloxía Industrial II 2º Bacharelato.....	30
TIC I 1º Bacharelato.....	35
TIC II 2º Bacharelato.....	40
Anexo I – Concreción e avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	45

Preceptos legais

Esta programación didáctica de Tecnoloxía para etapa de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato fundaméntase, en canto ós principios básicos, nas prescricións contidas no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 15 de Xullo que regula o currículo das materias de libre configuración autonómica.

Nos aspectos formais, esta programación axústase ao disposto no Capítulo V, artigo 26 da Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES David Buján.

Asignación de materias

A táboa seguinte recolle os membros do departamento e as materias e grupos dos que se encargan neste curso.

Profesor	Materia	Curso	Nº de grupos
Couceiro Herrero, Luis Adolfo	Tecnoloxía (Desdoblamento)	2º ESO	3
	Tecnoloxía	3º ESO	3
	TIC I	1º BAC	1
	Tecnoloxía Industrial I	1º BAC	1
	Tecnoloxía Industrial II	2º BAC	1
García Mato, Juan José	Tecnoloxía	2º ESO	3
	Tecnoloxía	4º ESO	1
	TIC I	1º BAC	1
	TIC II	2º BAC	2
Sierra Figueroa, Raquel	TIC	4º ESO	1
	TIC I	1º BAC	1

Tecnoloxía 2º ESO

Introdución e contextualización

No curso académico actual existen tres grupos de alumnado de 2º ESO. Cada grupo recibe tres sesións lectivas semanais da materia de Tecnoloxía; nunha das sesións semanais está contemplado un desdoblamento. O profesor titular que imparte esta materia é Juan José García Calvo, mentres que o profesor que se fai cargo do desdoblamento é Luis A. Couceiro Herrero.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ha de ser utilizado nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A Tecnoloxía contribúe á adquisición da competencia en ciencia e tecnoloxía principalmente mediante o coñecemento e comprensión de obxectos, procesos, sistemas e ámbitos tecnolóxicos, e a través do desenvolvemento de destrezas técnicas e habilidades para manipular obxectos con precisión e seguridade. A interacción cun ámbito no que o tecnolóxico constitúe un elemento esencial, vese facilitada polo coñecemento e utilización do proceso de resolución técnica de problemas e a súa aplicación para identificar e dar resposta a necesidades, avaliando o desenvolvemento do proceso e os seus resultados. Pola súa banda, a análise de obxectos e sistemas técnicos dende distintos puntos de vista permite coñecer como foron deseñados e construídos, os elementos que os forman e a súa función no conxunto, facilitando o uso e a conservación. A aplicación de ferramentas matemáticas na realización de cálculos, representación gráfica, uso de escalas e medición de magnitudes contribúe a configurar a competencia matemática.

Competencia dixital

Unha parte dos contidos da materia está dedicados ao progreso na competencia dixital. O aprendizaxe irá asociado á localización, tratamento, elaboración, intercambio, almacenamento e presentación de información, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e a axeitada utilización de linguaxes específicas como o icónico ou o gráfico.

Competencia de aprender a aprender

O desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos mediante a obtención, análise e selección de información útil para abordar un proxecto contribúe á adquisición da competencia de aprender a aprender. A resolución dun problema de forma autónoma e creativa, a avaliación reflexiva de diferentes alternativas, a planificación do traballo e a avaliación dos resultados proporcionan habilidades e estratexias cognitivas e promoven actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Competencia sociais e cívicas

A actividade tecnolóxica caracterízase polo traballo colectivo que permite o desenvolvemento de habilidades relevantes de interacción social: expresar e discutir axeitadamente ideas e razoamentos, escoitar aos demais, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións, practicando o diálogo ea negociación e adoptando actitudes de respecto e tolerancia. A materia de Tecnoloxía contribúe ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades dende a análise do desenvolvemento tecnolóxico destas e a súa influencia nos cambios económicos e sociais, que tiveron lugar ao longo da historia da humanidade.

Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor

A forma de desenvolver a habilidade de transformar as ideas en obxectos e sistemas técnicos mediante o método de resolución de proxectos favorece a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. A análise das etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico dende a súa orixe ata a súa comercialización, describindo cada unha delas e propoñendo melloras tanto dende o punto de vista da súa utilidade coma do seu posible impacto social fomenta a creatividade, a innovación e a asunción de riscos así como a destreza para planificar e xestionar os proxectos.

Competencia de conciencia e expresións culturais

O deseño de obxectos e prototipos tecnolóxicos no desenvolvemento da resolución de necesidades sociais require dun compoñente de creatividade e de expresión de ideas a través de distintos medios, que pon en relevo a importancia dos factores estéticos e culturais na vida cotiá.

Obxectivos

- Abordar con autonomía e creatividade, individualmente e en grupo, problemas tecnolóxicos traballando de forma ordenada e metódica para estudar, recompilar e seleccionar información procedente de distintas fontes, elaborar a documentación pertinente, concibir, deseñar, planificar e construír obxectos ou sistemas que resolvan o problema estudado e avaliar a súa idoneidade.
- Dispoñer de destrezas técnicas e coñecementos para a análise, deseño, elaboración e manipulación de forma segura e precisa de materiais, obxectos e sistemas tecnolóxicos, valorando en cada situación o alcance dos posibles riscos que implican para a seguridade e a saúde das persoas e a adopción de medidas de protección xeral e individual que se requiran.
- Analizar os obxectos e sistemas técnicos para comprender o seu funcionamento, coñecer os seus elementos e as funcións que realizan, aprender a mellor forma de usalos e controlalos e entender as condicións fundamentais que interviñeron no seu deseño e construción.
- Comprender as funcións dos compoñentes físicos dun ordenador, así como o seu funcionamento e interconexión mediante dispositivos móbiles e inarámicos ou cablear para intercambiar información e datos.
- Manexar con soltura aplicacións informáticas que permitan buscar, almacenar, organizar, manipular, recuperar e presentar información, empregando de forma habitual as redes de comunicación.
- Valorar criticamente, aplicando os coñecementos adquiridos, as repercusións da actividade tecnolóxica na vida cotiá e a calidade de vida, manifestando e argumentando ideas e opinións.
- Transmitir con precisión coñecementos e ideas sobre procesos ou produtos tecnolóxicos concretos, utilizando e interpretando axeitadamente vocabulario, símbolos e formas de expresión propias da linguaxe tecnolóxica.
- Actuar con autonomía, confianza e seguridade e utilizar os protocolos de actuación apropiados ao inspeccionar, manipular e intervir en máquinas, sistemas e procesos técnicos para comprender o seu funcionamento, sensibilizando o alumnado da importancia da identificación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo.
- Buscar, seleccionar, comprender e relacionar a información obtida de fontes diversas, incluída a que proporciona o ámbito físico e social, os medios de comunicación e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, tratada de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais, de forma oral e escrita, de xeito organizada e intelixible.
- Potenciar actitudes flexibles e responsables no traballo en equipo e de relación interpersoal, na toma de decisións, execución de tarefas, busca de solucións e toma de iniciativas ou accións emprendedoras, valorando a importancia de traballar como membro dun equipo na resolución de problemas tecnolóxicos, asumindo responsabilidades individuais na execución das tarefas encomendadas con actitude de cooperación, tolerancia e solidariedade.

Concreción e avaliación dos estándares de aprendizaxe

A concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de cualificación recóllese no anexo I desta programación didáctica.

Metodoloxía

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da seguinte secuencia:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos. realízase unha formulación inicial de cada unidade didáctica para saber o grao de coñecemento do alumnado acerca dos distintos contidos que nela se van a traballar; seguida dun desenvolvemento claro, ordenado e preciso de todos eles, adaptando o seu vocabulario e complexidade ás posibilidades cognitivas do alumno.
- Progresiva incorporación de novos contidos. Na medida do posible referenciaranse a situacións cotiás para favorecer a súa comprensión e a transferencia de aprendizaxes entre os contidos académicos e a vida cotiá.
- Elaboración de síntese: xeneralización por medio de modelos, esquemas, formulación de problemas, etc.
- Emprego de recursos dixitais de diferente índole (actividades interactivas, animacións, enlaces a Internet, bancos de imaxes, presentacións, etc.) utilizando como soporte o encerado dixital, os ordenadores do equipamento Abalar e os da aula de informática.
- Resolución de problemas cos que o alumnado adquire, desenvolve e perfecciona as súas propias estratexias.
- Exercicios e actividades diversificadas (de reforzo, de ampliación, traballo en grupo...), con diferentes niveis de dificultade para atender ás necesidades e as inxerencias de todo o alumnado.
- Uso de libros de consulta, da Biblioteca do Centro e da Aula de Tecnoloxía.
- Realización de traballos en grupo na aula-taller de Tecnoloxía.
- Busca de información e elaboración de documentos dixitais na Aula de Informática.

Materials e recursos didácticos

Para a ensinanza da tecnoloxía empregaranse os seguintes recursos:

- Recursos impresos: neste grupo atópanse o caderno de traballo, as fichas de traballo, os periódicos, as revistas de divulgación científico-técnica, os manuais técnicos, os catálogos, os libros de consulta, etc.
- Medios informáticos e simuladores.
- Medios audiovisuais: inclúense neste grupo o reprodutor de DVD, o retroproxeutor e o proxeutor de vídeo.
- Equipamento da aula-taller. Os recursos técnicos específicos desta materia inclúen: as ferramentas e máquinas-ferramenta; o material funxible; o equipamento eléctrico, electrónico e pneumático; os kits de robótica; unha impresora 3D.

Criteria sobre a avaliación e cualificación do alumnado

Para determinar a cualificación do alumnado utilizaranse os instrumentos e criterios que se especifican nos seguintes apartados:

- (10%) Observación por parte do profesor do traballo realizado polos alumnos diariamente en clase.** Teranse en conta factores tales como a participación nas diversas actividades que o profesor propoña; a iniciativa; a adquisición progresiva de autonomía para levar a cabo as tarefas propostas; o esforzo e a concentración; o respecto ao profesor e aos compañeiros; o cuidado e o uso apropiado do material; o cumprimento das directrices que indique o profesor para a realización das tarefas; o feito de asistir ás clases co material da asignatura, etc.
- (30%) Traballos e prácticas realizados polos alumnos,** de xeito individual ou en grupo.
- (60%) Exames e probas obxectivas,** nos que se valora a adquisición das aprendizaxes previstas nesta programación. Realizarase polo menos unha proba por unidade didáctica, considerándose que o alumnado a supera cando obtén polo menos unha cualificación de cinco puntos sobre dez. As cualificacións das probas serán comunicadas aos alumnos dentro do prazo establecido nas NOF do centro. Logo de seren corrixidas e cualificadas polo profesor, as probas escritas seranlle mostradas ao alumnado para a súa revisión. Como norma xeral, as probas serán variadas tanto no referente ás capacidades requiridas (numéricas, lóxicas, indutivo-dedutivas...) como á dificultade da súa realización (dende cuestións elementais a outras que esixan certo grao de maior razoamento lóxico).
- A cualificación final da materia** obterase aplicando ás porcentaxes de ponderación indicadas para cada un dos apartados anteriores. Nas avaliacións parciais avaliarase preferentemente de acordo coas mesmas porcentaxes, aínda que poderán adaptarse se existen circunstancias no desenvolvemento das clases que así o aconsellen.
- Para calcular a cualificación dos apartados 2 e 3 realizarase a media aritmética das notas acumuladas durante todo o curso correspondentes a cada apartado.
- No caso de detectar que un alumno copia un exame / práctica / traballo (ou ter indicios de que copiou), o profesor pode cualificar cun cero a totalidade ou algunha parte do exame / práctica / traballo. Ao alumnado implicado se lle requerirá que faga outro exame / práctica / traballo da mesma parte da materia que lle foi anulada. Esta conduta poderá ser valorada negativamente na cualificación obtida co instrumento de avaliación do punto 1 (observación do traballo diario de clase).
- Recuperación das cualificacións suspensas:** é facultade do profesor concederlle ao alumnado a posibilidade de recuperar as cualificacións suspensas. En calquera caso, o profesor debe manter un criterio ecuánime para todo o alumnado.

A recuperación poderá ser:

- a) Estrictamente de mínimos. En caso de superar a recuperación a cualificación obtida será un cinco.
- b) Cun nivel de esixencia similar ao do exame / práctica / traballo suspenso con anterioridade. A cualificación da recuperación será ata dez (ou ata a máxima nota contemplada para o exame / práctica / traballo a recuperar). Todos os alumnos poderán presentarse a este exame para mellorar a cualificación anterior, pero quedan tamén suxeitos á posibilidade de baixar nota.
- Convocatoria extraordinaria de setembro:** para superar a materia en setembro o alumnado terá que realizar unha proba escrita que incluíra contidos de todas as unidades didácticas desenvolvidas durante o curso. A cualificación desta proba será ata dez puntos, e considerárase superada cando a nota obtida sexa igual ou maior que cinco.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

- En cada reunión ordinaria do Departamento farase un seguemento do grao de cumprimento da programación didáctica.
- Unha vez por trimestre realizarase unha valoración máis exhaustiva do grao de cumprimento da programación, de xeito que se traten polo menos os seguintes puntos:

- Número de sesións previstas e número de sesións impartidas.
- Estándares programados traballados e non traballados.
- Idoneidade da organización e da metodoloxía (espazos, tempos, recursos, instrumentos de avaliación).
- Análise das cualificacións obtidas polo alumnado.

No caso de que exista algunha discrepancia entre o programado e o impartido de facto, haberá que indicar os motivos. Da mesma maneira, recolleranse as propostas encamiñadas a corrixir ou compensar esas discrepancias.

Alumnado coa materia pendente

No curso actual non existe ningún alumno que teña pendente a materia de Tecnoloxías en 2º ESO.

Avaliación inicial

O alumnado atópase coa materia de Tecnoloxías en 2º ESO por primeira vez na súa traxectoria académica. Por tanto, non é preciso realizar unha avaliación inicial sobre contidos propios da materia. En calquera caso, pode resultar aconsellable que o profesor realice ao comenzo do curso algunha proba de carácter xeral que proporcione datos acerca do punto de partida de cada alumno. Desta forma o profesor poderá tomar conciencia de futuras dificultades de aprendizaxe para establecer mecanismos que as eviten.

Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta que os grupos son heteroxéneos e que o alumnado presenta diferencias a nivel de coñecementos, intereses e capacidades, as actividades lectivas terán que ser suficientemente flexibles para dar unha resposta educativa axeitada ás distintas características e necesidades do alumnado.

O tratamento á diversidade é recollido polo Departamento de diferentes formas:

- Unha das mellores estratexias para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe é implicalos nas mesmas tarefas que o resto do grupo pero con máis apoio e rabaixando o nivel de esixencia. Este tratamento ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, procurando que o alumnado progrese no proceso de aprendizaxe e evitando a desmotivación que conleva o feito de quedar estancado con exercicios repetitivos.
- A posibilidade de distinto nivel de profundización en moitas das actividades propostas permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte daqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou con interese maior sobre o tema estudado.
- As distintas actividades que se propoñen nos distintos bloques de contidos intentan conectar cos coñecementos que o alumnado adquiriu con anterioridade. Adóitase comezar realizando un repaso dos coñecementos básicos tratados nos cursos anteriores ou comprobando os coñecementos previos que teñen os alumnos sobre un bloque de contidos cuxo análise vaise efectuar por primeira vez. Isto permite ao profesorado establecer dun xeito continuo a base de todos os contidos necesarios para aqueles alumnos con deficiencias.
- Os contidos traballados e os exercicios propostos van aumentando paulatinamente o nivel de dificultade, para cubrir as necesidades daqueles alumnos que demandan unha maior profundización dos contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos ou polo interese que estes mostran polo tema en concreto. Invítaselles deste xeito a unha investigación que lles permita profundar en determinadas cuestións.
- As novas tecnoloxías poden ser de axuda, ben por que proporcionan alternativas máis asequibles, ben por que o seu uso motiva ao alumnado.
- A manipulación e análise de obxectos e o deseño e construción de proxectos invitan a un intercambio de saberes con outros compañeiros.
- Existe, loxicamente, a posibilidade de realizar adaptacións curriculares individuais en colaboración, no seu caso, co Departamento de Orientación.

Elementos transversais que se traballarán durante o curso

Un dos elementos transversais máis interesantes para traballar nesta materia é o da igualdade efectiva entre homes e mulleres, xa que o ámbito da tecnoloxía foi tradicionalmente considerado "para homes". Deste xeito, algúns aspectos que se traballarán de cara á **educación para a igualdade entre sexos** son os seguintes:

- Organizar grupos mixtos.
- Facer patente que as mulleres non son menos capaces para a realización de montaxes prácticas.
- Obrigar a que todas as tarefas as realicen por igual os alumnos e as alumnas (limpeza, uso de ferramentas, etc).

Existen moitos outros temas normalmente considerados transversais que están moi relacionados coa materia ou que directamente forman parte dos seus bloques de contido:

- **Educación do consumidor:**
 - Mostrar interese por coñecer as diferentes formas de presentación dos materiais.
 - Valorar a fabricación de produtos feitos con materiais.
 - Valorar o custo dos produtos e facer uso deles segundo a necesidade.
- **Educación moral e cívica:**
 - Concibir a Tecnoloxía como medio ao servizo da sociedade.
 - Valorar o traballo manual e intelectual como forma de realización persoal.
- **Educación para a paz**
 - Crear hábitos de respecto e tolerancia ante as ideas dos demais.
 - Apoiar actitudes de constancia ante as dificultades.
 - Fomentar actitudes de boa conduta na rede.
- **Educación para a saúde**
 - Coñecer e aplicar normas de seguridade e hixiene no uso de máquinas.
 - Concienciar das vantaxes da limpeza e da orde.
 - Aprender boas posturas no uso do ordenador.
- **Educación ambiental**
 - Crear actitudes de sensibilización ante os problemas de deterioración ambiental.
 - Concienciar para o aforro enerxético.
 - Fomentar a redución, a reutilización e a reciclaxe. de materiais.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Para o presente curso académico o departamento non contempla ningunha actividade complementaria ou extraescolar na que participen os alumnos deste nivel educativo. En calquera caso, colabararase activamente nas numerosas actividades deste tipo que propoñen outros departamentos do Centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Os membros do departamento realizarán un seguemento mensual do grao de cumprimento da programación.
- Na memoria didáctica que elabora o departamento logo da convocatoria ordinaria de xuño avaliaranse os resultados académicos e recolleranse todas aquelas circunstancias que se consideren relevantes de cara á revisión anual da programación. Poderán incluírse, asimismo, propostas de mellora.
- Poderanse realizar modificacións na programación durante o curso. Estas modificacións poderán obedecer a diversos motivos: adaptar a programación a calquera cambio na lexislación ou nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, responder a circunstancias imprevistas, etc.
- Calquera modificación que se realice durante o curso deberá ser aprobada nunha reunión do Departamento.
- As modificacións serán postas en coñecemento do alumnado.

Tecnoloxía 3º ESO

Introdución e contextualización

No curso académico actual existen tres grupos de alumnado de 3º ESO. Cada grupo recibe dúas sesións lectivas semanais da materia de Tecnoloxía. O profesor que imparte esta materia nos tres grupos é Luis A. Couceiro Herrero.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ha de ser utilizado nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A Tecnoloxía contribúe á adquisición da competencia en ciencia e tecnoloxía principalmente mediante o coñecemento e comprensión de obxectos, procesos, sistemas e ámbitos tecnolóxicos, e a través do desenvolvemento de destrezas técnicas e habilidades para manipular obxectos con precisión e seguridade. A interacción cun ámbito no que o tecnolóxico constitúe un elemento esencial, vese facilitada polo coñecemento e utilización do proceso de resolución técnica de problemas e a súa aplicación para identificar e dar resposta a necesidades, avaliando o desenvolvemento do proceso e os seus resultados. Pola súa banda, a análise de obxectos e sistemas técnicos dende distintos puntos de vista permite coñecer como foron deseñados e construídos, os elementos que os forman e a súa función no conxunto, facilitando o uso e a conservación. A aplicación de ferramentas matemáticas na realización de cálculos, representación gráfica, uso de escalas e medición de magnitudes contribúe a configurar a competencia matemática.

Competencia dixital

Unha parte dos contidos da materia está dedicados ao progreso na competencia dixital. O aprendizaxe irá asociado á localización, tratamento, elaboración, intercambio, almacenamento e presentación de información, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e a axeitada utilización de linguaxes específicas como o icónico ou o gráfico.

Competencia de aprender a aprender

O desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos mediante a obtención, análise e selección de información útil para abordar un proxecto contribúe á adquisición da competencia de aprender a aprender. A resolución dun problema de forma autónoma e creativa, a avaliación reflexiva de diferentes alternativas, a planificación do traballo e a avaliación dos resultados proporcionan habilidades e estratexias cognitivas e promoven actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Competencia sociais e cívicas

A actividade tecnolóxica caracterízase polo traballo colectivo que permite o desenvolvemento de habilidades relevantes de interacción social: expresar e discutir axeitadamente ideas e razoamentos, escoitar aos demais, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións, practicando o diálogo ea negociación e adoptando actitudes de respecto e tolerancia. A materia de Tecnoloxía contribúe ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades dende a análise do desenvolvemento tecnolóxico destas e a súa influencia nos cambios económicos e sociais, que tiveron lugar ao longo da historia da humanidade.

Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor

A forma de desenvolver a habilidade de transformar as ideas en obxectos e sistemas técnicos mediante o método de resolución de proxectos favorece a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. A análise das etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico dende a súa orixe ata a súa comercialización, describindo cada unha delas e propoñendo melloras tanto dende o punto de vista da súa utilidade coma do seu posible impacto social fomenta a creatividade, a innovación e a asunción de riscos así como a destreza para planificar e xestionar os proxectos.

Competencia de conciencia e expresións culturais

O deseño de obxectos e prototipos tecnolóxicos no desenvolvemento da resolución de necesidades sociais require dun compoñente de creatividade e de expresión de ideas a través de distintos medios, que pon en relevo a importancia dos factores estéticos e culturais na vida cotiá.

Obxectivos

- Abordar con autonomía e creatividade, individualmente e en grupo, problemas tecnolóxicos traballando de forma ordenada e metódica para estudar, recompilar e seleccionar información procedente de distintas fontes, elaborar a documentación pertinente, concibir, deseñar, planificar e construír obxectos ou sistemas que resolvan o problema estudado e avaliar a súa idoneidade.
- Dispoñer de destrezas técnicas e coñecementos para a análise, deseño, elaboración e manipulación de forma segura e precisa de materiais, obxectos e sistemas tecnolóxicos, valorando en cada situación o alcance dos posibles riscos que implican para a seguridade e a saúde das persoas e a adopción de medidas de protección xeral e individual que se requiran.
- Analizar os obxectos e sistemas técnicos para comprender o seu funcionamento, coñecer os seus elementos e as funcións que realizan, aprender a mellor forma de usalos e controlalos e entender as condicións fundamentais que interviñeron no seu deseño e construción.
- Comprender as funcións dos compoñentes físicos dun ordenador, así como o seu funcionamento e interconexión mediante dispositivos móbiles e inarámicos ou cablear para intercambiar información e datos.
- Manexar con soltura aplicacións informáticas que permitan buscar, almacenar, organizar, manipular, recuperar e presentar información, empregando de forma habitual as redes de comunicación.
- Valorar criticamente, aplicando os coñecementos adquiridos, as repercusións da actividade tecnolóxica na vida cotiá e a calidade de vida, manifestando e argumentando ideas e opinións.
- Transmitir con precisión coñecementos e ideas sobre procesos ou produtos tecnolóxicos concretos, utilizando e interpretando axeitadamente vocabulario, símbolos e formas de expresión propias da linguaxe tecnolóxica.
- Actuar con autonomía, confianza e seguridade e utilizar os protocolos de actuación apropiados ao inspeccionar, manipular e intervir en máquinas, sistemas e procesos técnicos para comprender o seu funcionamento, sensibilizando o alumnado da importancia da identificación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo.
- Buscar, seleccionar, comprender e relacionar a información obtida de fontes diversas, incluída a que proporciona o ámbito físico e social, os medios de comunicación e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, tratada de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais, de forma oral e escrita, de xeito organizada e intelixible.
- Potenciar actitudes flexibles e responsables no traballo en equipo e de relación interpersoal, na toma de decisións, execución de tarefas, busca de solucións e toma de iniciativas ou accións emprendedoras, valorando a importancia de traballar como membro dun equipo na resolución de problemas tecnolóxicos, asumindo responsabilidades individuais na execución das tarefas encomendadas con actitude de cooperación, tolerancia e solidariedade.

Concreción e avaliación dos estándares de aprendizaxe

A concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de cualificación recóllese no anexo I desta programación didáctica.

Metodoloxía

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da seguinte secuencia:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos. realízase unha formulación inicial de cada unidade didáctica para saber o grao de coñecemento do alumnado acerca dos distintos contidos que nela se van a traballar; seguida dun desenvolvemento claro, ordenado e preciso de todos eles, adaptando o seu vocabulario e complexidade ás posibilidades cognitivas do alumno.
- Progresiva incorporación de novos contidos. Na medida do posible referenciaranse a situacións cotiás para favorecer a súa comprensión e a transferencia de aprendizaxes entre os contidos académicos e a vida cotiá.
- Elaboración de síntese: xeneralización por medio de modelos, esquemas, formulación de problemas, etc.
- Emprego de recursos dixitais de diferente índole (actividades interactivas, animacións, enlaces a Internet, bancos de imaxes, presentacións, etc.) utilizando como soporte o encerado dixital, os ordenadores do equipamento Abalar e os da aula de informática.
- Resolución de problemas cos que o alumnado adquire, desenvolve e perfecciona as súas propias estratexias.
- Exercicios e actividades diversificadas (de reforzo, de ampliación, traballo en grupo...), con diferentes niveis de dificultade para atender ás necesidades e as inxerencias de todo o alumnado.
- Uso de libros de consulta, da Biblioteca do Centro e da Aula de Tecnoloxía.
- Realización de traballos en grupo na aula-taller de Tecnoloxía.
- Busca de información e elaboración de documentos dixitais na Aula de Informática.

Materials e recursos didácticos

Para a ensinanza da tecnoloxía empregaranse os seguintes recursos:

- Recursos impresos: neste grupo atópanse o caderno de traballo, as fichas de traballo, os periódicos, as revistas de divulgación científico-técnica, os manuais técnicos, os catálogos, os libros de consulta, etc.
- Medios informáticos e simuladores.
- Medios audiovisuais: inclúense neste grupo o reprodutor de DVD, o retroproxeutor e o proxeutor de vídeo.
- Equipamento da aula-taller. Os recursos técnicos específicos desta materia inclúen: as ferramentas e máquinas-ferramenta; o material funxible; o equipamento eléctrico, electrónico e pneumático; os kits de robótica; unha impresora 3D.

Criteria sobre a avaliación e cualificación do alumnado

Para determinar a cualificación do alumnado utilizaranse os instrumentos e criterios que se especifican nos seguintes apartados:

- (10%) Observación por parte do profesor do traballo realizado polos alumnos diariamente en clase.** Teranse en conta factores tales como a participación nas diversas actividades que o profesor propoña; a iniciativa; a adquisición progresiva de autonomía para levar a cabo as tarefas propostas; o esforzo e a concentración; o respecto ao profesor e aos compañeiros; o cuidado e o uso apropiado do material; o cumprimento das directrices que indique o profesor para a realización das tarefas; o feito de asistir ás clases co material da asignatura, etc.
- (30%) Traballos e prácticas realizados polos alumnos,** de xeito individual ou en grupo.
- (60%) Exames e probas obxectivas,** nos que se valora a adquisición das aprendizaxes previstas nesta programación. Realizarase polo menos unha proba por unidade didáctica, considerándose que o alumnado a supera cando obtén polo menos unha cualificación de cinco puntos sobre dez. As cualificacións das probas serán comunicadas aos alumnos dentro do prazo establecido nas NOF do centro. Logo de seren corrixidas e cualificadas polo profesor, as probas escritas seranlle mostradas ao alumnado para a súa revisión. Como norma xeral, as probas serán variadas tanto no referente ás capacidades requiridas (numéricas, lóxicas, indutivo-dedutivas...) como á dificultade da súa realización (dende cuestións elementais a outras que esixan certo grao de maior razoamento lóxico).
- A cualificación final da materia** obterase aplicando ás porcentaxes de ponderación indicadas para cada un dos apartados anteriores. Nas avaliacións parciais avaliarase preferentemente de acordo coas mesmas porcentaxes, aínda que poderán adaptarse se existen circunstancias no desenvolvemento das clases que así o aconsellen.
- Para calcular a cualificación dos apartados 2 e 3 realizarase a media aritmética das notas acumuladas durante todo o curso correspondentes a cada apartado.
- No caso de detectar que un alumno copia un exame / práctica / traballo (ou ter indicios de que copiou), o profesor pode cualificar cun cero a totalidade ou algunha parte do exame / práctica / traballo. Ao alumnado implicado se lle requerirá que faga outro exame / práctica / traballo da mesma parte da materia que lle foi anulada. Esta conduta poderá ser valorada negativamente na cualificación obtida co instrumento de avaliación do punto 1 (observación do traballo diario de clase).
- Recuperación das cualificacións suspensas:** é facultade do profesor concederlle ao alumnado a posibilidade de recuperar as cualificacións suspensas. En calquera caso, o profesor debe manter un criterio ecuánime para todo o alumnado.

A recuperación poderá ser:

- a) Estrictamente de mínimos. En caso de superar a recuperación a cualificación obtida será un cinco.
- b) Cun nivel de esixencia similar ao do exame / práctica / traballo suspenso con anterioridade. A cualificación da recuperación será ata dez (ou ata a máxima nota contemplada para o exame / práctica / traballo a recuperar). Todos os alumnos poderán presentarse a este exame para mellorar a cualificación anterior, pero quedan tamén suxeitos á posibilidade de baixar nota.
- Convocatoria extraordinaria de setembro:** para superar a materia en setembro o alumnado terá que realizar unha proba escrita que incluíra contidos de todas as unidades didácticas desenvolvidas durante o curso. A cualificación desta proba será ata dez puntos, e considerarase superada cando a nota obtida sexa igual ou maior que cinco.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

- En cada reunión ordinaria do Departamento farase un seguemento do grao de cumprimento da programación didáctica.
- Unha vez por trimestre realizarase unha valoración máis exhaustiva do grao de cumprimento da programación, de xeito que se traten polo menos os seguintes puntos:

- Número de sesións previstas e número de sesións impartidas.
- Estándares programados traballados e non traballados.
- Idoneidade da organización e da metodoloxía (espazos, tempos, recursos, instrumentos de avaliación).
- Análise das cualificacións obtidas polo alumnado.

No caso de que exista algunha discrepancia entre o programado e o impartido de facto, haberá que indicar os motivos. Da mesma maneira, recolleranse as propostas encamiñadas a corrixir ou compensar esas discrepancias.

Alumnado coa materia pendente

O profesor que se encargará do seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes será o Xefe de Departamento.

O alumnado terá a oportunidade de recuperar a materia de acordo cun **procedemento de avaliación continua** (fichas de traballo e exames parciais):

- O profesor entregarlle periodicamente ao alumnado as fichas de traballo correspondentes a cada parte da materia. En cada acto de entrega de material comunicaráselle ao alumnado por escrito a data na que debe devolver os exercicios feitos.
- O alumnado devolverá os exercicios sen retrasos inxustificadas e realizados na súa totalidade. Cando alguén teña dificultades para realizar algunha actividade das fichas, debe consultar ao profesor con antelación suficiente á data de entrega prevista. As fichas de traballo, unha vez corrixidas, seranlle facilitadas novamente ao alumnado.
- O alumnado que incumpla as condicións expostas no punto anterior perdera a oportunidade de presentarse aos exames parciais.
- Os exames parciais serán dous e terán lugar na semana do 15 ao 19 de xaneiro e na semana do 16 ao 20 de abril (non sendo que de mutuo acordo o profesor e o alumnado establezan unhas datas diferentes, que en calquera caso nunca poderán ser posteriores ás previstas inicialmente).
- Cada un dos exames parciais consistirá nunha proba escrita cualificada entre cero e dez puntos. A cualificación final obterase calculando a media aritmética das notas dos dous exames parciais. Considerarase superada a materia cando o alumno acade unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

Haberá **unha proba final en maio e outra extraordinaria en setembro** para os alumnos que non superasen as probas parciais. En ambos os dous casos a proba consistirá nun exame escrito que incluírá contidos de todas as unidades didácticas incluídas na programación. A cualificación desta proba será ata dez puntos, e considerárase superada cando a nota obtida sexa igual ou maior que cinco.

Avaliación inicial

A avaliación inicial proporciona unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais dos alumnos (capacidade, motivación, etc.), que permite mellorar a atención á diversidade, a selección dos recursos e o axuste da metodoloxía.

A avaliación inicial realizarase en dous niveis:

- Ao comezo de curso: mediante unha proba escrita que proporcionará datos acerca do punto de partida de cada alumno. Desta forma o profesor poderá tomar conciencia de futuras dificultades de aprendizaxe e prever mecanismos que as corrixan.
- Ao iniciar unha nova unidade didáctica: neste caso pode tratarse de simples preguntas formuladas anivel de grupo ou a alumnado escollido ao chou; ou ben da resolución dalgúns problemas ou da resposta a algunhas preguntas por escrito. Non se trata de formular actividades complexas que xa se sabe de antemán que a maioría do alumnado non o vai saber facer, senón de propoñer actividades sinxelas e directas que recollan as capacidades básicas de cursos anteriores. O seu obxectivo é coñecer a bagaxe de coñecementos que trae o alumnado de xeito que sirva de partida para encarrilar os novos temas.

Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta que os grupos son heteroxéneos e que o alumnado presenta diferencias a nivel de coñecementos, intereses e capacidades, as actividades lectivas terán que ser suficientemente flexibles para dar unha resposta educativa axeitada ás distintas características e necesidades do alumnado.

O tratamento á diversidade é recollido polo Departamento de diferentes formas:

- Unha das mellores estratexias para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe é implícalo nas mesmas tarefas que o resto do grupo pero con máis apoio e rabaixando o nivel de esixencia. Este tratamento ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, procurando que o alumnado progrese no proceso de aprendizaxe e evitando a desmotivación que conleva o feito de quedar estancado con exercicios repetitivos.

- A posibilidade de distinto nivel de profundización en moitas das actividades propostas permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte daqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou con interese maior sobre o tema estudado.
- As distintas actividades que se propoñen nos distintos bloques de contidos intentan conectar cos coñecementos que o alumnado adquiriu con anterioridade. Adóitase comezar realizando un repaso dos coñecementos básicos tratados nos cursos anteriores ou comprobando os coñecementos previos que teñen os alumnos sobre un bloque de contidos cuxo análise vaise efectuar por primeira vez. Isto permite ao profesorado establecer dun xeito continuo a base de todos os contidos necesarios para aqueles alumnos con deficiencias.
- Os contidos traballados e os exercicios propostos van aumentando paulatinamente o nivel de dificultade, para cubrir as necesidades daqueles alumnos que demandan unha maior profundización dos contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos ou polo interese que estes mostran polo tema en concreto. Invítaselles deste xeito a unha investigación que lles permita profundar en determinadas cuestións.
- As novas tecnoloxías poden ser de axuda, ben por que proporcionan alternativas máis asequibles, ben por que o seu uso motiva ao alumnado.
- A manipulación e análise de obxectos e o deseño e construción de proxectos invitan a un intercambio de saberes con outros compañeiros.
- Existe, loxicamente, a posibilidade de realizar adaptacións curriculares individuais en colaboración, no seu caso, co Departamento de Orientación.

Elementos transversais que se traballarán durante o curso

Un dos elementos transversais máis interesantes para traballar nesta materia é o da igualdade efectiva entre homes e mulleres, xa que o ámbito da tecnoloxía foi tradicionalmente considerado "para homes". Deste xeito, algúns aspectos que se traballarán de cara á **educación para a igualdade entre sexos** son os seguintes:

- Organizar grupos mixtos.
- Facer patente que as mulleres non son menos capaces para a realización de montaxes prácticas.
- Obrigar a que todas as tarefas as realicen por igual os alumnos e as alumnas (limpeza, uso de ferramentas, etc).

Existen moitos outros temas normalmente considerados transversais que están moi relacionados coa materia ou que directamente forman parte dos seus bloques de contido:

- **Educación do consumidor:**
 - Mostrar interese por coñecer as diferentes formas de presentación dos materiais.
 - Valorar a fabricación de produtos feitos con materiais.
 - Valorar o custo dos produtos e facer uso deles segundo a necesidade.
- **Educación moral e cívica:**
 - Concibir a Tecnoloxía como medio ao servizo da sociedade.
 - Valorar o traballo manual e intelectual como forma de realización persoal.
- **Educación para a paz**
 - Crear hábitos de respecto e tolerancia ante as ideas dos demais.
 - Apoiar actitudes de constancia ante as dificultades.
 - Fomentar actitudes de boa conduta na rede.
- **Educación para a saúde**
 - Coñecer e aplicar normas de seguridade e hixiene no uso de máquinas.
 - Concienciar das vantaxes da limpeza e da orde.
 - Aprender boas posturas no uso do ordenador.
- **Educación ambiental**
 - Crear actitudes de sensibilización ante os problemas de deterioración ambiental.
 - Concienciar para o aforro enerxético.
 - Fomentar a redución, a reutilización e a reciclaxe de materiais.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Para o presente curso académico o departamento non contempla ningunha actividade complementaria ou extraescolar

na que participen os alumnos deste nivel educativo. En calquera caso, colabararase activamente nas numerosas actividades deste tipo que propoñen outros departamentos do Centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Os membros do departamento realizarán un seguemento mensual do grao de cumprimento da programación.
- Na memoria didáctica que elabora o departamento logo da convocatoria ordinaria de xuño avalíaranse os resultados académicos e recolleranse todas aquelas circunstancias que se consideren relevantes de cara á revisión anual da programación. Poderán incluírse, asimesmo, propostas de mellora.
- Poderanse realizar modificacións na programación durante o curso. Estas modificacións poderán obedecer a diversos motivos: adaptar a programación a calquera cambio na lexislación ou nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, responder a circunstancias imprevistas, etc.
- Calquera modificación que se realice durante o curso deberá ser aprobada nunha reunión do Departamento.
- As modificacións serán postas en coñecemento do alumnado.

Tecnoloxía 4º ESO

Introdución e contextualización

No curso académico actual existe un grupo de alumnado de 4º ESO que recibe tres sesións lectivas semanais da materia de Tecnoloxía. O profesor que imparte esta materia é Juan José García Calvo.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ha de ser utilizado nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A Tecnoloxía contribúe á adquisición da competencia en ciencia e tecnoloxía principalmente mediante o coñecemento e comprensión de obxectos, procesos, sistemas e ámbitos tecnolóxicos, e a través do desenvolvemento de destrezas técnicas e habilidades para manipular obxectos con precisión e seguridade. A interacción cun ámbito no que o tecnolóxico constitúe un elemento esencial, vese facilitada polo coñecemento e utilización do proceso de resolución técnica de problemas e a súa aplicación para identificar e dar resposta a necesidades, avaliando o desenvolvemento do proceso e os seus resultados. Pola súa banda, a análise de obxectos e sistemas técnicos dende distintos puntos de vista permite coñecer como foron deseñados e construídos, os elementos que os forman e a súa función no conxunto, facilitando o uso e a conservación. A aplicación de ferramentas matemáticas na realización de cálculos, representación gráfica, uso de escalas e medición de magnitudes contribúe a configurar a competencia matemática.

Competencia dixital

Unha parte dos contidos da materia está dedicados ao progreso na competencia dixital. O aprendizaxe irá asociado á localización, tratamento, elaboración, intercambio, almacenamento e presentación de información, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e a axeitada utilización de linguaxes específicas como o icónico ou o gráfico.

Competencia de aprender a aprender

O desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos mediante a obtención, análise e selección de información útil para abordar un proxecto contribúe á adquisición da competencia de aprender a aprender. A resolución dun problema de forma autónoma e creativa, a avaliación reflexiva de diferentes alternativas, a planificación do traballo e a avaliación dos resultados proporcionan habilidades e estratexias cognitivas e promoven actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Competencia sociais e cívicas

A actividade tecnolóxica caracterízase polo traballo colectivo que permite o desenvolvemento de habilidades relevantes de interacción social: expresar e discutir axeitadamente ideas e razoamentos, escoitar aos demais, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións, practicando o diálogo ea negociación e adoptando actitudes de respecto e tolerancia. A materia de Tecnoloxía contribúe ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades dende a análise do desenvolvemento tecnolóxico destas e a súa influencia nos cambios económicos e sociais, que tiveron lugar ao longo da historia da humanidade.

Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor

